



ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS CELEBRADA O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de Reunións da Área de Fomento, no Concello de Vigo (2º andar), sendo as 10,00 horas do día 17 de outubro de 2016, réunese en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo a Instrución de Servizo do Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 20.02.2015.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente.- D. Álvaro Crespo Casal – Xefe Área Servizos Xerais que actúa por delegación de D. David Regades Fernández, concelleiro Delegado da Área de Fomento que se atopa ausente.

Vogal.- D. Francisco González Yebra-Pimentel – Técnico de Administración Xeral

Secretario.- Dna. Nuria Méndez Lema- Administrativa, en delegación de D. Óscar Couce Senra, Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Asisten como público, Dna Liliana Mouteira Salgado con DNI 36.104.667-A en representación da empresa Ima Productos Técnicos-Prosisteco, e D. Manuel Alonso Vasconcellos con DNI 36.162.266X en representación da Federación Galega de Construcción.

No anuncio publicado na páxina web municipal (perfil do contratante) se fixou a data de hoxe para a celebración do presente acto público, relativo á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentada polos interesados nos seguintes expedientes:

EXPEDIENTE 4110/440

| | |
|---|--|
| Obxecto do contrato | Reparación dos beirados da fachada norte do edificio do Concello de Vigo |
| Orzamento máximo de licitación (IVE non incluído) | 57.713,62 € |

Se procede á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a proposición económica presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado (sen IVE):



| | |
|---------------------------------------|-------------|
| REFORVIGO SL | 33.865,02 € |
| IAM RUMBO | 34.132,12 € |
| ECOMIR ESTRUCTURAS SL | 35.006,00 € |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU | 35.295,93 € |
| PROSISTECO, IMA PRODUCTOS TÉCNICOS SL | 37.352,98 € |
| EXCANO | 41.973,55 € |

De acordo co previsto nas Instrucións citadas sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor, recollido no punto 13 do anuncio, procédese a calcular a media aritmética das ofertas admitidas (36.270,93€ IVE non incluído). Unha vez calculada a media aritmética se resta un 10% á mesma, resultando que aquelas ofertas que se atopen por debaixo dese umbral ou límite (que é de 32.643,84 € IVE non incluído) son excluídas.

Aplicando o sinalado no parágrafo anterior, non procede excluír por conter valores anormais ou desproporcionados ningunha das ofertas presentadas.

Resulta, polo tanto, que a **oferta económica máis vantaxosa** e que non se encontra incurso en valores anormais ou desproporcionados é a presentada pola mercantil **Reforvigo S.L.**

Vigo, 17.10.2016

A Secretaria da Comisión.- Nuria Méndez Lema

O Presidente da Comisión.- Álvaro Crespo Casal